



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA DEZAOITO DE MAIO DE DOUS MIL QUINCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas do día dezaeito de maio de dous mil quince, reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: María José López Lamigueiro, José Esmorís Aldao, Faustino Cebreiro Paz, Benigno Galego Castro, Rocío Martínez Martínez. Non asistiu Jairo Orjales Sande, Cándido Eusebio Prieto Lago e Juan José Ramos Prieto, baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1.-ELECCIÓN DO XUIZ DE PAZ, TITULAR. Leida a proposta da Alcaldía que se copia deseguido: Unha vez iniciado o procedemento para a elección do xuíz de paz deste concello por Decreto da Alcaldía Núm.47/2015 de data 25 de marzo de 2015, e logo de rematado o período de presentación de solicitudes, anunciado no BOP do 06 de abril de 2015, e ante a prestación de catro instancias que se indican a continuación:

Nº rexistro e data	Nome e apelidos
378-14/4/2015	Sara Mercedes Pico Marín
419-24/4/2015	M ^a del Mar Caneiro Pérez
420- 24/04/2015	Alberto Fernández Candales
430 – 28/4/2015	Cesar López Santiago

Esta alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO: **PRIMEIRO:** Elixir a solicitude presentada por D^a M^adel Mar Caneiro Pérez con DNI 32687255T profesión animadora sociocultural como xuíz de paz titular do concello de Cerdido. **SEGUNDO:** Darlle traslado deste acordo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que proceda o seu nomeamento. Cerdido, a 11 de maio de 2015. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. Os membros do pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a moción anterior. Catro votos a favor dos concelleiros, José Esmorís Aldao, Faustino Cebreiro Paz, María José López Lamigueiro e o voto da alcaldesa e dúas abstencións dos concelleiros Rocío Martínez Martínez e Benigno Galego Castro.

A **alcaldesa** intervén para explicar que o motivo da designación da xuíz de paz é o da comodidade á hora de asinar a documentación.

O **concelleiro Benigno Galego Castro** intervén para afirmar que a candidata seleccionada foi rexeitada na outra vez por incompatibilidade.

2.- MODIFICACION DO ARTIGO 25 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL. Leida a proposta da Alcaldía que se copia deseguido. Motivado pola necesidade de incentivar a información e promoción do turismo a nivel local e despois de manter varias reunións cos representantes da asociación así como os Concellos limítrofes, esta Alcaldía propón engadir no punto 5º do artigo 25 a seguinte frase: e o apoio da información e promoción do turismo local. Así como engadir unha nova fila na cadro que aparece a continuación:

Nome da persoa ou entidade beneficiada	Actividade a fomentar	Importe anual
Asociación para o desenvolvemento do turismo de calidade da comarca do Ortegal	Fomento da información e promoción da actividade turística a ámbito local	1249,00 €

Os membros do pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a moción anterior . Catro votos a favor dos concelleiros , José Esmorís Aldao, Faustino Cebreiro Paz, ,e María José López Lamigueiro e o voto da alcaldesa e dúas abstencións dos concelleiros Rocío Martínez Martínez e Benigno Galego Castro.

A alcaldesa explica que a asociación de turismo do Ortegal foi creada no ano 2004 e o que se pretende é fomentar o turismo da zona , con independencia doutras , porque teñen valores distintos , o fin e realizar un convenio con concellos de Cariño , Ortigueira , Mañón , Cedeira e Cerdido para promocionar a zona de forma conxunta .

O concelleiro Benigno Galego Castro pregunta sobre que partida vai a ir a achega económica e se se sabe xa o que van a facer .

A alcaldesa explica que hai cartos no presuposto nunha partida de turismo , porque deste tema xa se falou o ano pasado e que falábase que ían facer rutas de sendeirismo na Fraga dos Casás , os cartos deben estar xustificados e a hora de asinar o convenio se fixaran os contidos e a programación de actividades a desenvolver .

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión , sendo as doce horas e vinte minutos do día dezaioito de maio de 2015. Do que eu como secretaria dou fe :

A alcaldesa

A secretaria

Ana Rodríguez Montero

Paula Díaz Tie